

Acta da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo Autonómico de Centros Especiais de Emprego de Galicia

En Santiago de Compostela, ás once trinta horas do día dez de setembro de dous mil nove, na sede de Consello Galego de Relacións Laborais, reúnen-se as persoas que a continuación se sinalan:

REPRESENTACIÓN EMPRESARIAL

D. Ignacio Rodríguez Sáez (CEGASAL)
D^a. María Jesús Pérez Piñeiro (CEGASAL)

REPRESENTACIÓN SINDICAL

D^a. Marisa Rodríguez Vázquez (UGT-Galicia)
D. Alberto José Rodríguez Amoroso (UGT-Galicia)
D. Adolfo Naya Fernández (CIG)
D. Alexandre Lago Portela (CIG)
D^a. Clara Gamarra Lozano (SN de CC.OO. de Galicia)

O motivo da xuntanza e continuar o proceso de negociación do Convenio colectivo autonómico de Centros Especiais de Emprego de Galicia.

Logo das oportunas deliberacións e debate, acordan o seguinte.

1º.- Por parte do Consello Galego de Relacións Laborais se solicitará unha nova certificación da representatividade sindical, segundo listado de empresas as que lle é de aplicación o convenio; listado que será facilitado por CEGASAL.


2º.- A parte sindical se compromete a entregar na vindeira xuntanza desta comisión negociadora unha plataforma de convenio para o efecto do seu análise e estudo pola comisión.

3º - A vindeira xuntanza se celebrará o 24 de setembro, ás 11.00 horas na sede do Consello Galego de Relacións Laborais.

E non tendo máis asuntos que tratar se levanta a xuntanza, no lugar e data arriba indicados, ás doce horas, asinando a presente acta en proba de conformidade por quintuplicado exemplar.


CIG


CC.OO.


CIG